

# Instrución VI/2006 sobre a utilización de subconceptos de gasto en partidas orzamentarias do artigo 64 e outros aspectos relacionados

Logo da entrada en vigor da LOU, as universidades públicas están obrigadas a utilizar “normas e procedementos para o desenvolvemento e execución do orzamento, así como para o control dos investimentos, gastos e ingreso sendo supletoria nesta materia a normativa que, con carácter xeral, sexa de aplicación ao sector público” (artigo 82).

En tanto a Comunidade Autónoma non desenvolva os criterios e a normativa de clasificación de gastos, a Universidade debe introducir algúns cambios inaprazables que dean resposta aos requirimentos contables e informativos para a xestión dos créditos de investigación.

En particular, as normas das convocatorias públicas para financiar proxectos de investigación obrigan a facer unha revisión dos subconceptos empregados na USC para a contabilización dos gastos derivados da súa realización.

Na procura dunha maior uniformidade, os subconceptos de gasto que se enumeran no Anexo estarán dispoñibles en e-SICUS durante o exercicio 2006 e serán aplicables a todos os gastos do artigo 64 (“Investimentos inmateriais”), que na USC comprende os seguintes conceptos:

- 640 Gastos de investigación de departamentos, institutos universitarios e outros servizos de investigación. Está previsto que a partir do ano 2007 os departamentos, institutos e outros servizos pasen a ter a estrutura orzamentaria dun centro orgánico; a partir dese momento os gastos imputaranse no concepto do capítulo de gasto que corresponda e, dentro del, no subconcepto correspondente
  - 641 Proxectos de investigación. Fondos recibidos de entidades externas de carácter público aos que, en xeral, é de aplicación directa a Lei de Subvencións
  - 642 Contratos e convenios para a prestación de servizos de I+D, en aplicación do artigo 83 da LOU
  - 643 Reunións científicas, coas limitacións que se establecen
1. Criterios de carácter xeral:
  2. Nas actividades de I+D, *a responsabilidade da oportunidade, eficiencia e legalidade do gasto é competencia do investigador principal*, correspondendo *o control e o asesoramento ao Responsable de Asuntos Económicos*, ao Servizo de xestión de calidade e control interno e demais Unidades de apoio da Universidade, tendo en conta a finalidade para a que foi concedida a axuda, e respectando os conceptos e prazos nos que debe executarse.
  3. Non se utilizará en ningún caso a figura do “cargos internos” para facer trasposos de créditos entre partidas. Para este fin debe utilizarse sempre a modificación orzamentaria, tendo en conta as limitacións que establece a normativa.

Cráterios específicos para créditos con financiamento externo (proxectos de I+D):

4. Para as actividades que teñen financiamento externo, a *elixibilidade dun gasto* virá determinada polas normas específicas de cada convocatoria así como polas normas de carácter xeral, polo que non é posible a priori determinar que tipo de gastos se poden ou non admitir. O criterio xeral é que ten que haber unha *relación directa entre o gasto e a actividade de investigación* á cal se imputa. Por exemplo, non se debe imputar material de oficina, equipamento, fotocopias, etc. se non se pode probar a relación entre este tipo de gasto e o proxecto.
5. *Só se poderán contabilizar gastos con cargo a un determinado subconcepto se existe autorización polo financiador para iso.* Por exemplo, se un proxecto de investigación non ten unha dotación específica para persoal, nunca se poderán imputar gastos deste tipo. Igualmente un proxecto que non teña “Dotación Adicional” ou “Complementos retributivos” non poderá ter gastos do subconcepto 18.
6. Nas actividades con financiamento externo (en particular os proxectos de investigación) é frecuente que a *axuda* veña *distribuída por apartados* (p.e.: “persoal”, “custos de execución”). A limitación do crédito a utilizar en cada subconcepto non sempre se pode facer coas ferramentas actuais. Por este motivo, o investigador principal, asesorado polos responsables de asuntos económicos, debe coidar de non sobrepasar o gasto autorizado no momento da resolución.
7. Os gastos dos proxectos de investigación deben ser xustificados diante da entidade financiadora. Por este motivo débese ser especialmente meticulosos no tipo de gastos que se imputa. En particular, non se deben imputar máis cargos internos dos estritamente necesarios.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2006  
 A Xerente en funcións,  
 Mar Rodríguez Fernández

## Anexo

Subconceptos de gasto admisibles en gastos orzamentarios do artigo 64

Subconcepto		Comentarios	Notas
00	CRÉDITO PARTIDA	Non se poden imputar gastos, posto que non é un subconcepto de gasto	
01	Material funxible	Reactivos, consumibles diversos, etc. En xeral subministros de material funxible directamente relacionados co desenvolvemento da actividade	
02	Axudas de custo e locomoción	É de aplicación a normativa xeral de Axudas de custo e locomoción. En xeral poden facer uso deste gasto os membros do equipo de investigación; tamén poderían aboárselle a invitados doutras institucións ou da propia	

Subconcepto		Comentarios	Notas
		USC para participar na actividade. En ningún caso se utilizará este apartado para aboar retribucións pola prestación de servizos.	
03	Infraestrutura de investigación	Equipos e aparatos destinados exclusivamente para investigación	
04	Libros e outras publicacións	Antes “Adquisición de libros e outras publicacións”, Suprimiuse o termo “Adquisicións”	
05	Reproducións	Substitúe a “Fotocopias” cun carácter máis amplo. EXEMPLOS: Fotocopias, pero tamén edicións de documentos en CD ou calquera formato	
06	Inscripcións en cursos, conferencias e congresos	A expresión do título é máis clara así (antes “Cursos, conferencias e inscricións en congresos”)	
07	Outros gastos de investigación	Antes “Atencións protocolarias”. Trátase dun cambio de denominación, posto que “atencións protocolarias” non ten sentido en partidas de investigación. Utilizaríase para aqueles gastos que non teñan cabida en ningún dos outros apartados. En particular pódense aboar gastos de manutención de membros do equipo de investigación (comidas) cando non se abonen a través de axudas de custo e locomoción. Este tipo de gastos non sempre é admisible, e debe utilizarse con cautela, para que este subconcepto non se converta nun “caixón de xastre”	
08	Moblaxe e equipamento	Exemplo: Mobiliario ou equipos que non sexan utilizados exclusivamente para investigación (equipos ofimáticos, etc). Este tipo de gasto non sempre é admisible, en particular no casos dos proxectos, que só financian gastos relacionados directa e exclusivamente coa investigación financiada. Neste caso a adquisición debería ter cabida no subconcepto 03	
09	Reparacións equipamento	Gastos de reparacións de equipos utilizados no desenvolvemento da actividade investigadora. Este tipo de gastos non sempre é admisible no caso de proxectos.	
10	Traballos encargados ao exterior	Prestación de servizos realizada por profesionais ou autónomos. Exemplos: Enquisas, informes, ditames, etc. que son encargados e facturados por persoas ou entidades externas	
11	Adquisición de software	Subconcepto inventariable (diferente do 17); compra de software, non dunha licenza de uso	
12	Persoal investigador contratado	Antes “Persoal contratado e investigador”. A denominación non era correcta. Persoal que se contrata especificamente para esta actividade, ou ben persoal que xa estaba contratado e que o seu custo se imputa totalmente a esta actividade e partida	1, 2

Subconcepto		Comentarios	Notas
13	Bolseiros de investigación	Pagamentos aos bolseiros. Engadiuse o termo “de investigación” para expresar máis claramente a súa finalidade	2
14	Seguros persoal investigador	Seguridade social para o persoal contratado. Seguros para os bolseiros. Recoñecementos médicos obrigatorios	2
15	Comunicacións	Exemplos: Gastos de telefonía, envíos postais, transmisión de datos etc. Este tipo de gastos non sempre é admisible, en particular no caso dos proxectos de investigación	
16	Renting e leasing	Gastos de investigación nos que se utilice algunha destas fórmulas. É importante comprobar se este tipo de gastos é admisible, en particular nos proxectos de investigación.	
17	Licenzas uso software	Subconcepto non inventariable (a diferenza do 11); pagamento dun canon por uso	
18	Complementos retributivos	NOVO. Pagamentos ao PDI ou PAS como consecuencia de a) participación en contratos de I+D do artigo 83 da LOU; b) Pagamentos con cargo á “Dotación adicional” de proxectos de investigación (neste caso só para PDI).	1, 2
80	Fondos a xestionar outros organismos	Inactivo. Este subconcepto queda inactivo e créanse dous novos para substituílo (81 e 82)	
81	Fondos a xestionar outros organismos	En ocasións a USC recibe a totalidade dos fondos que ten que distribuír logo a outras institucións que participan no proxecto ou actividade. Transferencia – desde a partida de gastos – de fondos a outros organismos responsables de execución	
82	Reintegros	Reintegros aos organismos financiadores por fondos sen xustificar ou por outras causas. A mención “Tesouro” elimínase, porque non sempre os reintegros se fan ao Tesouro Público.	
90	Facturación Interna por Producción Propia	Inactivo. Utilizábase para imputar elementos inventariables cando eran elaborados pola propia USC	
99	Cargos internos por gastos cofinanciados	Utilízase para dous tipos de situacións: a) Gastos que se imputan a máis dunha partida; cando unha factura se abona integramente cunha partida e logo se <i>reparte</i> o custo entre varias, esta última operación, que se fai mediante cargos internos, debe utilizar este subconcepto para evitar posibles problemas co inventario (posto que o elemento adquirido xa foi inventariado cando se imputou á partida inicial). Esta posibilidade desaparecerá cando en e-SICUS sexa posible imputar un gasto a varias partidas.b) Gastos que se imputan a unha partida por cofinanciamento. Por exemplo, o cofinanciamento dun contrato posdoutoral con cargo a	

<b>Subconcepto</b>	<b>Comentarios</b>	<b>Notas</b>
	unha partida dun departamento (esta última non permitiría imputarlle directamente gastos de persoal)	